# CONVENIO ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A CESIÓN DE USO DO TERREO PARA A SÚA HABILITACIÓN PARA USO DE ESPARCIMENTO NO ENTORNO DA IGREXA DE BESOMAÑO.

En Ribadumia a 20 de junio de 2023

**REUNIDOS:**

Dunha parte,
D. David Castro Mougan, maior de idade, con D.N.I nº 35.458.452-L, en calidade de Alcalde- Presidente do Concello de Ribadumia.

Doutra parte,
D. Fernando Barros Fornos, maior de idade, con D.N.I. nº32.629.952-J, en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF R1500020A, e con domicilio a efectos de notificacións en Plaza da Inmaculada nº 1 da mesma cidade de Santiago.

**INTERVEÑEN**

O primeiro, en nome e representación do Concello de Ribadumia (Pontevedra), facultado polo Pleno Municipal para a sinatura do presente convenio.

O segundo, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Todos eles se recoñecen capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente **CONVENIO**

E a tal efecto

**EXPOÑEN**

I. O Arcebispado de Santiago de Compostela é titular da finca 114 do polígono 1 da Z.C.P. de Besomaño e das fincas catastrais 36046C501001140000HE e 36046C501001140001JR, xunto á Igrexa de Santa María de Besomaño, termo municipal de Ribadumia, provincia de Pontevedra, coa seguinte descrición:

- Ten unha superficie de 22.403 metros cadrados, e linda: Norte: finca 109, finca 112 e finca 113 da Z.C.P. de Besomaño Sur: camiño, finca 115 da Z.C.P. de Besomaño, e finca 1526 da Z.CP. Lois - Montes de Ribadumia Leste: finca 1523, finca 1524, finca 1525, finca 1526 e finca 1527 da Z.CP. Lois - Montes de Ribadumia Oeste: camiño

- Que ante a necesidade de proceder á humanización da contorna, o Concello de Ribadumia redactou unha proposta, seguindo a ordenación recollida no plano adxunto.
- A devandita humanización do referido espazo supón unha ocupación de setecentos cincuenta metros cadrados (750,00 m2), segundo o plano adxunto.

II. O Concello de Ribadumia coa intención de proceder á devandita humanización acometerá á súa costa as obras de urbanización e a obtención das autorización administrativas que requira tal obra.

III. O Concello de Ribadumia e o Arcebispado de Santiago de Compostela teñen alcanzado un acordo en virtude do cal o Arcebispado de Santiago de Compostela cede o uso do terreo identificado no expositivo I de este escrito ao Concello de Ribadumia o uso do espazo indicado para a realización das obras proxectadas por un prazo de vinte anos (20)

En consecuencia, as partes acordan as seguintes

**CLAUSULAS**

**PRIMEIRA**.- Por medio do presente documento, o Arcebispado de Santiago de Compostela cede ó Concello de Ribadumia, libre de cargas e gravames, o uso convido da parcela descrita no Expositivo Segundo, cuxa delimitación gráfica incorpórase como anexo I , coa condición de que non se inhabilite o acceso do Párroco ou representante da Igrexa o garaxe existente.

(Se adxunta plano como Anexo I)

Esta cesión de uso ten carácter gratuíto e establécese por un período de tempo de 20 anos a contar dende a data de toma de posesión conforme ó previsto neste convenio.

**SEGUNDA**.- Dado o uso a que se pretende destinar a parcela obxecto do presente Convenio, o Arcebispado autoriza ao Concello de Ribadumia á execución a costa do propio Concello e previas as actuacións administrativas, especialmente a de Patrimonio, das obras que con carácter xeral sexan necesarias para o destino previsto e as obras comprometidas. Neste sentido, poderá o Concello realizar tanto o acondicionamento, limpeza, execución de zonas axardinadas e asfaltado co carácter temporal con que se cede para o uso público. Unha vez finalizada a cesión poderá o Arcebispado esixir a reposición a costa do Concello da superficie cedida á situación existente ó momento da firma do presente convenio ou que se deixe no estado en que se encontre, sen indemnización de ningún tipo polas obras realizadas.

**TERCEIRA.-GASTOS** - Tódolos gastos e tributos que orixinen a cesión e ocupación polo Concello de Ribadumia da parcela referida no Expositivo Segundo serán a conta do Concello de Ribadumia.

Os gastos que se orixinen coa sinatura e ratificación do presente convenio, serán por conta do Concello de Ribadumia.

**CUARTA.- VIXENCIA DO CONVENIO**. O presente convenio entrará en vigor unha vez que o mesmo, unha vez ratificado polo Pleno Municipal, se eleve a escritura pública.
O Concello de Ribadumia tomará posesión da parcela indicada na Cláusula Primeira, no momento en que se produza a elevación a escritura pública do presente convenio.

**QUINTA**.-As obras ás que se refire o presente convenio deberán ser executadas no prazo de tres anos a contar dende a toma de posesión da parcela a que se refire a estipulación anterior. Este prazo ten carácter esencial polo que a falta de atención ó mesmo é causa de resolución do convenio, e dará dereito ó Arcebispado a esixir a reposición a costa do Concello da superficie cedida á situación existente ó momento da firma do presente convenio ou que se deixe no estado en que se encontre a tal momento, sen indemnización de ningún tipo pola parte das obras realizadas.

Para o que en proba de conformidade, ambas partes, previa lectura do texto do presente CONVENIO URBANÍSTICO e con pleno coñecemento dos documentos que forman parte integrante do mesmo, asinan este documento por duplicado en data e lugar arriba indicados.

E para cumprido de boa fe, veñen as partes a firmar o presente por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ARZOBISPADO DE SAN TIAGO DE COMPOSTELA ADMINISTRACIÓN

ARZOBISPADO DE SANTIAGO | CONCELLO DE RIBADUMIA


750 m2
ATRIO



750 m2
ATRIO
ACABADOS DE PAVIMENTOS
p 03

D. CARLOS ROSON GASALLA, ARQUITECTO, A REQUERIMIENTO DEL ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Y EN RELACIÓN CON LA PROPUESTA QUE NOS FORMULA EL CONCELLO DE RIBADUMIA EN RELACIÓN CON ACTUACIONES EN EL ENTORNO DE LA IGLESIA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE BESOMAÑO, EMITE EL SIGUIENTE

# INFORME

1.- EL CONCELLO DE RIBADUMIA, POR MEDIO DE UN CORREO ELECTRÓNICO, ENVIADO POR SU ARQUITECTO MUNICIPAL D. JESÚS DIÉGUEZ PAZOS, PLANTEA DOS POSIBLES ACTUACIONES EN EL ENTORNO DE LA IGLESIA PARROQUIAL DE BESOMAÑO:

   A. CREACIÓN DE UN APARCAMIENTO EN LA FINCA QUE BORDEA EL CEMENTERIO PARROQUIAL.

   B. ACONDICIONAMIENTO DEL FRENTE DE LA IGLESIA PARROQUIAL Y CEMENTERIO.

2.- EN OPINIÓN DEL TÉCNICO INFORMANTE Y DADOS LOS ANTECEDENTES DE QUE SE DISPONEN EN ESE ARZOBISPADO CONSIDERO QUE NO PROCEDE AUTORIZAR LA PRIMERA DE LAS SOLUCIONES PROPUESTA, DEBIDO A LA OPINIÓN EN CONTRA DEL SR. PÁRROCO.

TODO ELLO A PESAR DE ESTAR CALIFICADA ESA FINCA COMO SUELO RÚSTICO COMÚN EN EL DOCUMENTO DE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL Y EN CONSECUENCIA NO SER SUSCEPTIBLE DE EDIFICARSE EN ELLA.

EN RELACIÓN CON LA SEGUNDA PROPUESTA, SE INFORMA FAVORABLEMENTE, YA QUE SE MEJORARÍA DE FORMA IMPORTANTE EL ATRIO DE LA IGLESIA Y SU ACCESIBILIDAD CON LA PAVIMENTACIÓN PROPUESTA, SIEMPRE QUE EL ARZOBISPADO MANTENGA LA PROPIEDAD DE LOS TERRENOS SOBRE LOS QUE SE ACTÚA.

ES TODO CUANTO TENGO A BIEN INFORMAR, EN PONTEVEDRA A CATORCE DE FEBRERO DE DOS MIL VEINTIDÓS.

ROSON GASALLA CARLOS LUIS - 35251815Z

Firmado digitalmente por ROSON GASALLA CARLOS LUIS - 35251815Z
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-35251815Z, givenName=CARLOS LUIS, sn=ROSON GASALLA, cn=ROSON GASALLA CARLOS LUIS - 35251815Z
Fecha: 2022.02.14 10:42:42 +01'00'

# ANEXO

# PLANOS APORTADOS POR EL CONCELLO DE RIBADUMIA




ESTADO ACTUAL
1/250

IMAXES DO ENTORNO DA IGREXA







Ordenación do entorno da igrexa de Santa María de Besomaño (Ribadumia)
Concello de Ribadumia — Xaneiro 2018

01 Estado actual




PLANTA DE ORDENACIÓN
1/250

ACABADOS DE PAVIMENTOS

p.ex pavimento de lousas de granito existente (sup. 104,92 m2)

p.01 pavimento de lousas de granito similar a existente (sup. 114,73 m2)



p.02 pavimento lousa rectangular estreita de granito con xunta aberta (sup. 261,68 m2)



p.03 pavimento de soleira de formigón fratasado (sup. 282,30 m2)



p.04 pavimento de loseta céspede en zona de aparcamento (sup. 204,80 m2)



p.05 zona axardinada: céspede, árbores exis entes, novas plantacions (sup. 249,13 m2)



Ordenación do entorno da igrexa de Santa María de Besomaño (Ribadumia)
Concello de Ribadumia
Xaneiro 2018

02 Proposta con ordenación con zona de aparcamento




PLANTA DE ORDENACIÓN
1/250

Ordenación do entorno da igrexa de Santa María de Besomaño (Ribadumia)
Concello de Ribadumia — Xaneiro 2018

03 Proposta de ordenación sen zona de aparcamento